



12 de decembro de 2012. Nesta data sinalada, ADEGA vén de fallar os premios **OSÍXENO** e **DIOXINA** para recoñecer ás millores e piores actuacións ambientais do ano.

Premio

OSÍXENO

á millor actuación/actitude ambiental do 2012:

-Categoría individual:

A

Alfredo López

, ex-presidente da CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños)

-Categoría colectivo:

Á

Plataforma para defensa da Ría do Burgo

.

Premio **DIOXINA** á actitude ou actuación máis agresiva ou insustentábel:

individual:

Icalde do Irixo

,

Manuel Penedo

.

-Categoría colectivo

:

Aos políticos responsábeis da marea negra do Prestige

(

Mariano Rajoy

,

Álvarez-Cascos

,

Aznar

,

Arias Cañete

-Categoría

Ao a

,
Fernández de Mesa
e
Jaume Matas
).

Premio
OSÍXENO DE HONRA
á
Plataforma Nunca Máis
polo seu compromiso co ambiente e a dignidade dun país.



Un ano máis, e van xa 12 edicións, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) vén de fallar os premios **OSÍXENO** e **DIOXINA**. Estes recoñecementos pretenden subliñar as

actuación de persoas ou colectivos a prol (premio OSÍXENO) ou en contra (premio DIOXINA) do patrimonio natural galego. Hai uns anos ampliamos o carácter destes premios establecendo dúas modalidades para recoñecer o labor tanto de colectivos como de persoas en cada unha das categorías. E como novidade, en 2009 instituímos o premio

OSÍXENO DE HONRA

para subliñar toda unha traxectoria de compromiso co ambiente e a cultura do país, que recibíu nese ano D. Isaac Díaz-Pardo, en 2010 Xaquín Marín e en 2011 Mini e Mero.

Este 2012 o premio **Osíxeno de Honra** recae na [Plataforma Nunca Máis](#) por termar durante 10 anos da d ignida de do país e reclamar que se xulgue aos verdareiros responsábeis da catástrofe do Prestige.

Nas demáis categorías, os/as premiados/as nesta edición de 2012 son:

Premio **OSÍXENO** á millor actuación/actitude ambiental do ano:

Categoría individual: A **Alfredo López**, ex-presidente da [CEMMA](#) polo seu labor pioneiro de máis de 20 anos en defensa dos cetáceos e doutros grandes vertebrados dos mares de Galiza.

-Categoría colectivo: Á [Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo](#), polo seu compromiso incansábel coa rexeneración e o futuro produtivo desta ría.

Premio **DIOXINA** á actitude ou actuación máis agresiva e insustentábel de 2012:

-Categoría individual: Ao alcalde do Irixo **Manuel Penedo** polo servilismo e desleixo amosados diante da ameaza que para o ambiente e á saúde dos seus veciños/as representaba a construción dunha [incineradora de residuos](#) no seu concello.

-Categoría colectivo: Aos responsábeis políticos da marea negra do Prestige (**Mariano Rajoy**, **Álvarez-Cascos**

'
Arias Cañete

'
Aznar

'
Fernández de Mesa

e
Jaume Matas

)
que 10 anos despois non van ser xulgados por converter un accidente marítimo na maior catástrofe ecolóxica da historia de Galiza.

Os premios, consistentes nun diploma e unha escultura conmemorativa de Nacho Porto entregaranse no decurso da cea de Nadal que terá lugar en Compostela este **sábado día 15** a partires das 21:30 no **restaurante A Moa** (San Pedro 32).